



A BATALLA DE PONTE MACEIRA

En Ponte Maceira comezou a que actualmente se coñece co nome de batalla de Altamira ou de Ponte Maceira, un dos episodios máis cruentos da disputa entre os Moscoso de Altamira e o arcebispo de Santiago polas terras e dominio do val de Amaía.

O século XV foi especialmente convulso na historia da Galicia, tempo do conflito irmandiño e dos enfrontamentos entre os señores do reino e o arcebispo de Santiago para consolidar dominio e poder.

Entre todas as disputas daquel tempo, sobresaee a do arcebispo de Santiago, Afonso de Fonseca II, con Lopo Sánchez de Moscoso, un home decidido e animoso, que consolidou a súa casa e señorío no corazón das terras de Santiago, reconstruíndo as torres de Altamira e facendo delas o seu enclave principal; ao seu mando, García Martiz de Barbeira, o seu capitán maior (*acodaron muy secretamente que*



Garçia Martiz tomase escuderos y peones y pedreros y azadoneros y vituallas, y se metiese una noche en Altamira... y quando fue mañana tenía hecho un muro de piedra lousa y no ancho, de una braza de alto y una caba de otra braza de alto, que no se tardaron dos horas en hacerse).

Estaba claro que os intereses de Lopo de Moscoso chocaban frontalmente cos do arcebispo; este, consciente da ameaza, non dubidou en pór todos os medios ó seu alcance para recuperar a súa posición en terras amienses. O de Altamira, pola súa banda, fixo da fortaleza a palanca desde a que buscar ás coxegas ao prelado.

Non obstante, nestes axitados momentos, Lopo Sánchez de Moscoso non era o único nobre que mantiña conflitos co arcebispo e, así, este xunto con outros cabaleiros galegos da época, entre os que destacan Fernán Pérez de Andrade ou Pedro Álvarez de Soutomaior, decidiron firmar un convenio de axuda mutua fronte agresións externas, ou o

que viña a ser o mesmo: fronte ás agresións do arcebispo ós seus aliados.

Todos estes feitos eran, certamente, unha provocación. Os prelados de Santiago viron como tras a destrución irmandiña un dos nobres máis poderosos de Galicia e o seu mais próximo rival, Lopo Sánchez de Moscoso, se asentaba no medio das terras arcebispais, tomando posesión e reconstruíndo as torres de Altamira. Ante semellante osadía e sabedor da ameaza que supuña para os seus intereses, o arcebispo ordenou derrocar ditas torres.

A defensa do castelo foi encomendada ao fiel García Martiz, que resistiu o primeiro asedio capitaneado por Estevo de Xunqueiras; foi unha defensa esforzada e imaxinativa (*en lugar de artillería tenía cada uno su monte de piedras a los pies, y echaron sobre los de fuera tan gran multitud dellas que en un par de oras que duraría el combate no bajarían de matar y dejar muy mal feridos sesenta hombres*).

Fonseca mandou organizar un grande exército que capitaneou o seu irmán, Lois de Acevedo, para rematar dunha vez por todas coas pretensións de Lopo Sánchez. Así se xuntou un continxente con máis de 300 lanzas e 5000 peóns, no que estaban todos os nobres partidarios do arcebispo, entre os que se encontraban Roi Fernández Noguero, Estevo de Xunqueiras, Gregorio de Valadares, Tristán de Montenegro, Gonzalo López de Rioboo e, posiblemente, Afonso de Lanzós. A súa única misión tomar as torres de Altamira e dobregar a Lopo Sánchez de Moscoso e alá foron (*y llevando mucho bastimento fue a çercar a Altamira, poniendole dos trabucos, tirándole noche y día*).

O de Altamira, vendo a súa casa cercada, pediu axuda ós cabaleiros cos que firmara o convenio, que non dubidaron en dirixirse a Santiago para auxilialo na defensa das torres. Xuntaron as súas forzas no lugar de Augapesada. Estaban Diego de Andrade, Gómez Pérez das Mariñas, Sancho Sánchez de Ulloa e Pedro Álvarez de Sotoumaior, que chegou o último e entrou no campamento de xeito espectacular con máis de 300 peóns, lanceiros e besteiros.



Ponte de Augapesada

Os cabaleiros envían unha mensaxe ó arcebispo buscando a negociación pero atoparon escasa disposición ó diálogo; deciden, xa que logo, ir contra el e encamiñarse cara a Altamira, subindo a Costa de Mar de Ovellas e collendo logo o camiño ás torres.

Entretanto, das terras de Trastámara achegábase ao Tambre García Martiz con pertrechos e homes de reforzo. Para interceptalo e avisado por espías despregouse un pequeno exército mandado por Lois de Acevedo e Estevo de Xunqueiras para interceptalo na Ponte Maceira.

O combate foi duro e García Martiz estivo a piques de perder a vida pois saiu ben do trance pola súa destreza *y también el buen caballo, que lo sacaba de peligro*; con dificultade pero foi quen de chegar ás torres e reforzar a súa defensa.



Ponte Maceira

Nesa mesma xornada, o exército da liga señorial chegou onde o campamento de Fonseca sembrando a confusión e dando lugar a unha fuxida xeralizada, mesmo do arcebispo. O capitán arcebispal Lois de Acevedo estaba aínda en Ponte Maceira e repregouse para apoiar aos seus pero non chegou a tempo. Vendo ao seu irmán sair cara a Padrón, tomou o camiño cara a Santiago buscando salvar o que quedaba seu exército.

Ao pe das torres loitaron cabaleiros e peóns e tras a espantada dos principais homes do arcebispo, quedou como principal cabaleiro no campo de batalla Álvaro Sánchez de Ávila, alcaide da Rocha, que levaba o pendón de Santiago e que pasou a ser o obxectivo central dos ataques. Todos cargaron contra el para se facer co estandarte que defendeu brava e heroicamente. A súa lealdade e valentía fixeron que Diego de Andrade impedise a súa morte, levándoo á súa tenda e curándoo; foi levado á sua casa *libre y quito*.

A seguir, os cabaleiros correron a terra do arcebispo, roubando e saqueando e logo foron a Santiago; *allí se despidieron los unos de los otros, cada uno fue a folgar a su casa*.

Todos estes sucesos tiveron lugar o día de San Antonio de 1471; días máis tarde os cabaleiros -belicosos pero temerosos de Deus- devolveron o pendón de Santiago

deixándoo ós pés do altar de Santiago.

Así cabe pensar que o lugar da que hoxe coñecemos co nome de batalla de Altamira, non foi ó pé das torres senón nalgún lugar do Concello de Ames, non lonxe de Susavila de Carballo, encrucillada á que ambos os dous exércitos se dirixiron para tomar o camiño a Altamira. A actual estrada por Portanxil, foi construída en tempos moito máis recentes.